

CIPRIANO LUIS JIMÉNEZ CASAS

Discapacidad(e) diversidade

Disability (&) Diversity

Globalización, exclusión social e diversidade, velaí os acontecementos que están presentes, no cotián do concerto internacional. O equilibrio e convivencia dun país, dunha sociedade, non será certamente viable ou soportable se non é capaz de recoñecer o principio da diversidade e pluralidade.

A exclusión social, dos sen papeis, pobres, minorías étnicas, persoas con discapacidade, oponse o dereito a unha mellor calidade de vida. A exclusión social, tan empregada actualmente, non é nova nin moito menos. En outras épocas históricas, foi unha practica exercida, desde a Lei das XII Táboas, primeiro texto legal escrito do Dereito Romano (450 a. C.), ata as recomendacións que Platón ou Séneca, facían en relación a como había que tratar as persoas que estiveran mal constituídas ao nacer, apartándoas e incluso afogándoas: “ Non se trata de odio -diciá Séneca- mais si da razón que nos motiva a separar as partes sans daquelas que as poden afectar”.

Mesturadas cos criminais as persoas con discapacidade ao longo da Idade Media, hai que acadar o século XX e despois da II Guerra Mundial, para que as persoas con discapacidade se igualem en cuidados aos que precisaban as persoas mutiladas de guerra.

A diversidade por outra parte, supón o recoñecemento de que entre os seres humanos, existen diferencias. A diversidade pertence a propia natureza e por extensión a natureza humana. A propia sociedade e diversa, multicultural, multiétnica, multirracia... nos mesmo somos diferentes e con capacidades tamén diferentes.

Un mundo diverso e plural non é un mundo ordinario, nin un mundo fraccionario. É un mundo onde, cando menos, catro instancias cardinais se consideran mutuamente, respectan os seus propios modos irreductibles de pensar e actuar, a través das súas simboloxías pulsionais: o diñeiro para a información, o lugar do presente para o corpo, a palabra para a cultura e a vida salvaxe para a natureza.

Desde outra perspectiva a exclusión social non é unha fatalidade, senón o resultado dun conxunto de mecanismos nos cales os factores

médicos e sociais pero tamén os políticos e culturais, teñen a súa gran parte de responsabilidade.

O mesmo concepto de discapacidade, non deixa de ser relativo. En función de onde estamos e onde nos atopemos, calquera pode ser unha persoa con discapacidade. O escritor inglés H. G. Wells, un dos fundadores da Science Fiction: “Imaxina un home perdido nas montañas e atopase cun val onde tódalas persoas que alí viven son cegas. O protagonista coida que na terra dos cegos el sería o amo, faríase o xefe desa comunidade. Cumpriríase así a famosa frase: Na terra dos cegos un vidente sería o líder. Pero a través de toda unha serie de peripecias negativas chega a comprender que nun mundo de cegos un vidente e discriminado... polo que adopta a solución de fuxir...

Neste mesmo século e a partir da segunda metade, o termo déficit, que esta profundamente ligado ao aspecto máis negativo da persoa con discapacidade, dá paso a valorización dos tamén, aspectos positivos que presentan tódalas persoas con discapacidade.

Isto significa que o importante é determinar cales son aquelas “necesidades concretas” que ten a persoa con discapacidade para que poida ser compensada da mellor forma posible. Trátase en definitiva de adaptar a sociedade as necesidades que presentan as persoas con discapacidade. Neste sentido, os criterios de Accesibilidade Universal - Deseño para Todos adquiren unha especial relevancia.

Un dos maiores erros que a sociedade tivo, por mor da propia influencia das ideoloxías, foi en relación as persoas con discapacidade, poñer o acento, sobre as súas facetas máis negativas e nunca se preocupou de identificar as súas capacidades e desexos.

A exclusión social, ten dúas vertentes: a visión médica e a visión social. Desde o punto de vista médico as persoas con discapacidade son portadoras dun hándicap. Pero unha persoa con discapacidade, que por exemplo utiliza unha cadeira de rodas, pode estar excluída si no medio no que quere e desexa vivir, atopase con que os autobuses, o transporte en xeral non teñen accesibilidade e atopase con barreiras por todas partes; servizos públicos, cines, teatros, museos, instalacións deportivas... Son neste caso os arquitectos, os enxeñeiros, os políticos... os que son responsables e inductores de barreiras. Eles, as persoas con discapacidade, non son portadores de hándicap, senón recibidores de hándicap.

A exclusión social, a que están sometidas as persoas con discapacidade, é un proceso que atravesará varios campos, desde o económico-social ata o político-institucional. A exclusión social, é consubstancial das relacións sociais que os grupos dunha comunidade manteñen entre eles. Neste senso a cuestión da exclusión, sitúase no campo cultural e ideolóxico.

A erradicación da exclusión social non pode solucionarse soamente co feito de votar unha lei, por moi boa que sexa, se non modificamos en profundidade as representacións, as practicas, así como o modelo da sociedade que a soporta. Dito doutro xeito, unha profunda evolución cultural debe preceder e acompañar as transformacións económicas, sociais e institucionais.

As persoas con discapacidade, teñen moitos recursos cómo calquera de nos. Non debemos apremalos ou mortificalos. Ninguén pretende atopar nun gato as calidades dun can: Por que moitos médicos, psicólogos e rehabilitadores pretenden lograr obxectivos das persoas con discapacidade para os cales non están preparados?

A natureza vive e se reproduce sobre a riqueza das diversidade e a capacidade de utilizar ao máximo a adaptación ambiental, buscando novas solucións a novos problemas. En todo caso respectando un equilibrio entre as especies e o ambiente de vida.

O home e as sociedades que foi creando, recoñecen o valor das biodiversidades, esquecéndose sen embargo, de avaliar e valorizar as diversidade humanas. A calidade de vida que propoñemos, para tódalas persoas con discapacidade, non e posible sen un cambio cultural que interveña directamente nestes tres eixes: Tecnoloxía, Poder e Valores.

Os cambios tecnolóxicos precisan tempo e non digamos cambiar os valores. Un proceso revolucionario, efectivamente actúa sobre o poder e os sabios fano sobre as innovacións tecnolóxicas.

Pero sen un verdadeiro cambio na area dos valores que inciden no poder e na propia tecnoloxía non e posible a calidade de vida.

É unha cuestión evidente e incontestable que a comunicación e hoxe mais “diversa” e vibrante que nunca. Incluso poderíamos dicir, que, gracias o mais profundo coñecemento que temos da condición humana, e, por suposto tamén sobre as persoas con discapacidade, tócanos vivir unha época histórica, cambiante, por suposto, conflictiva, moi conflictiva, pero, o mesmo tempo, enriquecedora e ilusionante.

En calquera caso estamos nas mellores condicións para deseñar os que poderían ser os mellores programas e servizos de cara a ofertarlles a mellor calidade de vida as persoas con discapacidade, que mais o necesitan: Seremos capaces de responder a demanda?.

•

Cipriano Luis Jiménez Casas é director da *Revista Maremagnum* (editada pola Asociación Autismo Galicia) e membro da Fundación Menela. E-mail: cjimenez@menela.org